CONSIDERACIÓNS DA UDC AO "ANTEPROXECTO DE LEI DE ACCESIBILIDADE"

CONSIDERACIÓNS XERÁIS

As principais novidades que presenta este texto son as seguintes:

1. Cambio na nomenclatura nos niveis de accesibilidade: o termo "adaptado", que define o nivel máximo de prestacións, pasa a nomearse como "accesible"; a definición de "practicable" mantense, e, por contra, o concepto "convertible", nivel menor de exixencia, desaparece.

2. Introdúcese o concepto "Axustes razoables" (artigos 2, 3, 45, 56) como aquelas medidas de adecuación que non supoñan unha carga desproporcionada. Trátase dun concepto moi laxo que habería que ollar no futuro decreto como se desenvolve ou aplica, por exemplo coa adaptación dos edificios existentes, dada a intención da norma de subir os estándares en prestacións (elimínase o concepto convertible).

3. Obrigatoriedade de realizar Plans Especiais de Actuación polos entes locais para adaptar as vías públicas, os parques e demais espazos de uso público ás normas de accesibilidade (establécese tamén a obrigatoriedade nos orzamentos dos Entes Públicos de conter consignacións específicas para o financiamento das ditas adaptacións).

4. Determinación por Lei de dotacións mínimas de cabinas de aseo en espazos libres públicos: unha de cada dez ou fracción (condicións a desenvolver por decreto).

5. Determinación por Lei de dotacións de prazas de aparcamento de vehículos que transporten persoas con mobilidade reducida: unha de cada corenta ou fracción.

6. Obrigatoriedade de ascensor de emerxencia nos edificios. Trátase simplemente de engadir unhas baterías.

7. Reaxuste nas contías das sancións e introdución de multas coercitivas (na norma actual establécense de 100.000 a 50.000.000 pts, no anteproxecto de 301 a 1.000.000 €).

8. As persoas con discapacidade, as súas familias e as organizacións representativas e asociacións nas que se integran terán a consideración de persoas interesadas nos procedementos sancionadores.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1. No **artigo 30**, debería contemplarse que é norma de aplicación a todos os vehículos da flota, porque na actualidade o que fan en moitos casos e poñer un dos buses da liña totalmente accesible e outros non. E, sobre todo, aplicado aos transportes especiais (como os da universidade...), senón moitos rapaces non poden chegar polos seus propios medios.

2. No **artigo 34** faise demasiada referencia aos intérpretes de signos, pero non, por exemplo ao establecemento de braille en todos os sistemas de comunicación e sinalización. Debería ser algo aplicable a todas as discapacidades, como por exemplo que os sistemas tivesen dispositivos para persoas que teñen afectada a motricidade fina e non poden, por exemplo, pulsar un botón para sacar unha vez nunha administración pública.

3. No **artigo 40** debería engadir que ademais se terá en conta na concesión dos contratos que as empresas presenten (mediante informes ou por algún outro medio) que cumpren a normativa de accesibilidade.

4. Nos **capítulos I e II do Título IV**, deberíase establecer que en ambas comisións houbese unha porcentaxe de participación de persoas con discapacidade, pois é importante a presenza deste colectivo nas comisións que toman decisión sobre ámbitos que lles competen.

5. Na **disposición adicional segunda**, debería contemplarse a formación das persoas encargadas da organización da evacuación dun edificio. Na maioría dos casos aínda que os planos contemplen sobre o papel a evacuación de persoas con discapacidade (non só mobilidade reducida, dado que habería que ter en conta tamén ás persoas cegas ou xordas), debería contemplarse a formación ou polo menos a simulación de evacuación de persoas con estas discapacidades.

A Coruña, 25 de outubro de 2013